


O ENTROIDO




TEXTOS, DEBUXOS E RECORTABEIS DE VICENTE RISCO

O entroido era unhas das festas más queridas por Vicente Risco. Neses días gostaba de ir disfrazado, incluso cando estaba prohibido no franquismo, e celebralo cos seus amigos.

Deseguido mostrámosche unha fotografía de Vicente Risco disfrazado.



Propoñémosvos que procuredes na casa fotografías do entroido e organicedes unha exposición na aula. Para organizar a exposición podedes recorrer a familiares e amigos. Con certeza que descubriredes cousas sorprendentes.



IMPRIME ESTE RECORTÁBEL PARA QUE O RECORTEN
NA AULA. SE QUERES COLOREFALO ABRE A COPIA 2.



CLown
CLOWN

in in in in in

WOWS WOVS WOVS

WOWS WOVS WOVS

O tempo de Entroido leva dúas semanas e media: as de Septuaxésima, Sexaxésima e tres ou catro días da de Quincuaxésima. Os días sinalados do Entroido son: Domingo Fareleiro, Xueves de Compadres, Domingo Corredoiro, Xueves de Comadres, Domingo de Entroido, ou Domingo Gordo, Luns de Entroido, Martes de Entroido ou Terza Feira Gorda, e (eventualmente) Miércoles de Cinsas ou Ceniza. (Vicente Risco. Etnografía)

1º.- Averigua por que o entroido non coincide sempre nas mesma datas.

2º.- Que días se celebran máis na túa localidade?

3º.- Fai unha descripción das actividades que se realizan cada un deses días.

4º Pregunta na casa como celebraban eles o entroido.


Nelas (comidas do Entroido) predominan a carne e outros produtos do porco e algunos postres especiais. Os principais son a cachucha e o rabo, que se reservan para estes días, da matanza do ano anterior. A sentencia di:

*Alegria, alegrote,
que está o rabo do porco no pote.*

Cómense tamén a soá, ás veces lacón con grelos, chourizos, como más propio do Entroido, o pedro ou pedrolo, feito na tripa "cagadeira", e que pode ser de carne ou de cebola. Estas cousas cómense no cocido, en compañía do touciño, xamón, vitela, ás veces pita, patacas, garavanzos e verdura. (Vicente Risco. Entroido)

1º.- Que se come na túa casa no entroido?

2º.- Sinala no porco as partes das que se fala no texto.



As máscaras atópanse nos días do Entroido en tódalas cidades, vilas e aldeas. Chámanse, asegún os sitios, máscaras, mascaritas, entroidos, felos, mecos, piliqueiros, etc. Non é somentes a mocedade a que se viste, senón tamén os casados e ainda os vellos, que soen ser os que más gozan co Entroido. Os disfraces son, naturalmente moi variados, mais existen tipos tradicionais de máscaras, case sempre os mesmos en cada lugar que soen levar un nome especial. (Vicente Risco, Etnografía)

- 1º.- Como son as máscaras na túa zona?
- 2º Que outros tipos de máscaras coñeces?
- 3º.- Describe o teu disfraz?
- 4º Aquí tes unha máscara e un disfraz debuxados por Vicente Risco. Debuxa a túa máscara e o teu disfraz.



O cigarrón non fala; camiña a brincos, chouta e baila, facendo soar as chocas e bate nos que encontra co mallo ou coa vexiga; se se axuntan douis en parella, collen en ombros a un home calquera e lévanlo á taberna e o home está obrigado a convidalos; preséntase nas casas pedindo convite ou cartos. O cigarrón é sagrado, niknguén lle pode tocar,... (Vicente Risco, *Etnografía*)



1º.- Vicente Risco describe un personaxe típico dun dos entroidos que se celebran en Galiza. Que outros personaxes típicos do entroido galego coñeces? Fai unha breve descripción das súas características.

2º.- Ubica nun mapa de Galiza os entroidos más característicos.

3º.- O entroido é unha festividáde que se celebra noutras partes do planeta. Busca información dos principais entroidos do mundo e sinala nun mapa mundi onde se celebran.